

Referencia da Praza: ..... LA2302-H12-575-PI-TP-01 .....

Tipo de Praza: ..... Profesor/a contratado/a interino/a .....

Área de Coñecemento: ..... Lingüística Xeral (575) .....

Departamento: ..... Tradución e Lingüística (H12) .....

Sede actuación da comisión: ..... Facultade de Filoloxía e Tradución .....

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Vigo o día 24 de novembro de 2023 coa asistencia de:

Presidente/a: ..... José María García-Miguel Gallego .....

Sexo:  Muller  Home

Secretario/a: ..... Fernando Ramallo Fernández .....

Sexo:  Muller  Home

Vogal 1º: ..... Pablo Romero Fresco .....

Vogal 2º: ..... Alberto Álvarez Lugrís .....

Vogal 3º: ..... Rebeca Cristina López González .....

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación de traballadores:

Vogal 4º: ..... Iris Machado de Oliveira .....

## CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordáronse por \_\_\_\_\_ establecer os seguintes criterios de valoración:

**Titulación(s) básica(s):** Graos, licenciaturas e mestrados en Lingüística e Lingüística Aplicada

**Titulación(s) afín(s):** Linguas, Filoloxías, Tradución, Enxeñaría Informática e TIC

**Área(s) Afín(s):** Linguas, Filoloxías, Tradución, Enxeñaría Informática e TIC

### 1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de titulacións afíns (puntos a, b, c) e áreas afíns (puntos d, e). Non se puntuará no caso de titulacións/áreas non afíns.

Ponderación deste apartado: 10% do total

Valoración do mestrado: ata 2 puntos, tendo en conta a nota media e a afinidade

En caso de máis dunha titulación do mesmo nivel académico, puntuarase a segunda e sucesivas a metade, sempre tendo en conta a nota media do expediente e a afinidade

a) Expediente académico (nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas) Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

.....

b) Grao de Licenciatura ou Tese de Licenciatura. Sobresaliente (1), Notable (0,66), Aprobado (0,33)

.....

c) Premio Extraordinario de Licenciatura: 0,5  
ou Premio Extraordinario de Grao

d) Tese de Doutoramento. Sobresaliente “cum laude”(ou Apto “cum laude”) (4), Sobresaliente (3), Notable(ou Apto) (2), Aprobado. (1)

.....

e) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5.

.....

## 2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes á área de coñecemento obxecto do concurso, ata un máximo de 10 puntos.

A puntuación dos méritos correspondentes dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

Ponderación deste apartado: 20% do total

a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc.

.....

b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc. (Ata un máximo de 1,5 puntos).

.....

c) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións. (Ata un máximo de 1 punto).

.....

d) Estancias debidamente acreditadas noutros centros de investigación (Ata un máximo de 1 punto).

.....

e) Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologadas. (0,125 puntos por cada ano de bolsa, ata un máximo de 0,5 puntos).

.....

f) Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, etc.). (Ata un máximo de 1 punto).

.....

### 3. EXPERIENCIA DOCENTE

Puntuación máxima da suma das alíneas aquí incluídas no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de áreas afíns. Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

Ponderación deste apartado: 15% do total

a) Docencia universitaria: 2 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. 1 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial. 0,75 puntos por cada 60 horas anuais de docencia para as bolsas de investigación, con acreditación oficial.

.....

b) Docencia non universitaria: 0,50 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo. (No caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional, non se valorará nesta alínea).

A docencia non universitaria valorarase, se procede, no apartado 4

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.

.....

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

#### 4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase unicamente a experiencia profesional que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza: ata un máximo de 10 puntos. Outra experiencia profesional relacionada coa área, a puntuación dividirase por dous, ata un máximo de 5 puntos. Non se puntuará a experiencia profesional non relacionada nin co perfil nin coa área.

Ponderación deste apartado: 40% do total

Puntuación máxima (ata 10 puntos) para experiencia profesional relacionada coas Tecnoloxías da linguaxe. Puntuación ata 5 puntos para experiencia profesional relacionada coa Lingüística e a Lingüística Aplicada, incluíndo a experiencia profesional como tradutor (ata 2,5 puntos) e a experiencia no ensino non universitario de linguas (ata 2,5 puntos)

a) Actividade profesional que require título universitario: ata 2 puntos por ano.

.....

b) Actividade profesional que non require título universitario: ata 0,33 puntos por ano.

.....

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

#### 5. PROXECTO DOCENTE

O proxecto docente, cunha extensión máxima de 15 páxinas, versará sobre a materia: Tecnoloxías da Linguaxe (código V01-G181215).

Se non se indica ningunha materia, o proxecto versará sobre calquera das materias que aparecen no perfil da praza no anexo II da convocatoria.

O proxecto presentado valorarase ata un máximo de 10 puntos.

## 6. OUTROS MÉRITOS

Outros méritos, non valorados nas alíneas anteriores. Nesta alínea valorarase necesariamente o coñecemento da lingua galega, agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutra alínea. Ata un máximo de 10 puntos. Cada mérito alegado non poderá ser valorado con máis de 2 puntos.

Ponderación deste apartado: 5% do total

Valorarase o coñecemento acreditado da lingua galega (ata 2 puntos) e o coñecemento acreditado doutras linguas (ata 2 puntos por lingua). Outros méritos distintos dos anteriores, sempre que teñan algunha relación co perfil da praza ou coa área (ata 2 puntos)

    Vigo    ,    24    de    novembro    de    2023    

Presidente /a

Secretario / a

Vogal 4º (con voz e sen voto)

Vogal 1º

Vogal 2º

Vogal 3º